

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE SETEMBRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETO**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural seis moedas históricas de Galicia.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual respecto da resolución da Fundación Pública Galicia Europa pola que se convoca unha (1) bolsa de formación, dirixida a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación e a concesión de pagamentos a conta por un importe superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada.
- Acordo polo que se toma razón da licitación da obra de "Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG (Rede autonómica de estradas de Galicia) nas rutas de acceso polo suroeste á cidade de Santiago".

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se crea e se regula o Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento e financiamento dun programa de excelencia sénior de Galicia, por un importe total de douscentos oitenta e seis mil novecentos noventa e seis euros con catorce céntimos (286.996,14 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Axencia Galega de Innovación (GaiN), a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para completar as axudas dos programas Grants do Consello Europeo de Investigación (ERC) e axudas Post ERC no marco do programa Oportunus, anualidades 2026-2030, por un importe total de tres millóns trescentos sesenta e tres mil cincocentos corenta e un euros con sesenta e nove céntimos (3.363.541,69 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do resultado do concurso público de venda e concesión de dereitos de superficie de parcelas de solo empresarial.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Senda na PO-313 en Moaña", cun orzamento de licitación, IVE incluído, de tres millóns cento trinta e sete mil douscentos trinta e oito euros con noventa e cinco céntimos (3.137.238,95 €). Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., contrato de obras para a construción dun edificio de 14 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela na parcela UA-43 P11, rúa Aguceira en Vilarrodís, Concello de Arteixo (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dous millóns seiscentos oitenta mil dous euros con nove céntimos (2.680.002,09 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Lalín á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., (Vipugal), así como, da licitación pola mesma sociedade dos servizos de redacción de proxecto e dirección de obra e das obras de construción, con técnicas industrializadas, dun edificio de vivendas de promoción pública (VPP), na parcela nº 10 da AR29 na rúa Fontesanguiña (prolongación rúa Rosalía de Castro) do concello de Lalín (Pontevedra), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de tres millóns cincocentos cinco mil oitocentos trinta euros con sesenta e sete céntimos (3.505.830,67 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco con dous empresarios, da subministración sucesiva de próteses de cadeira primaria e dos compoñentes protésicos asociados, con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de quinze millóns setenta e dous mil novecentos un euros con oitenta céntimos (15.072.901,80 €) con IVE, e un valor estimado de trinta millóns cento corenta e cinco mil oitocentos tres euros con sesenta céntimos (30.145.803,60 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se aproba o Plan integral para a mellora da prevención, o benestar laboral e a reincorporación saudable ao traballo en Galicia (2026-2029).

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Declaración institucional con motivo do Día internacional de concienciación sobre a perda e o desperdicio de alimentos.

INFORMES

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a contribución da Consellería do Mar á consulta pública sobre a pesca sostible na UE: estado da situación e orientación para o 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL SEIS MOEDAS HISTÓRICAS DE GALICIA POLO SEU VALOR SOBANCEIRO

- Constitúen emisións únicas que conforman un testemuño material e documental da presenza do Reino Suevo en Galicia e do medievo renacentista
- A declaración, que eleva a 799 os bens de interese cultural en Galicia, supón a salvagarda e protección deste patrimonio, que forma parte da colección numimástica do galego Antonio Orol
- Na actualidade estas pezas son propiedade do Goberno galego e están depositadas no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

A Xunta declara Ben de Interese Cultural seis moedas históricas de Galicia, que forman parte da colección numimástica do galego Antonio Orol, polo seu valor sobranceiro. Así se acordou hoxe no Consello do Goberno galego, onde se lle deu o visto e praxe ao decreto, que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* e que pon fin ao proceso de incoación iniciado en xuño do pasado ano.

Deste xeito, o expediente elaborado polos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural valora que estas seis moedas son emisións “raras e únicas” que constatan a presenza do Reino Suevo en Galicia e do medievo renacentista, das cales non se coñece ata o momento outros exemplares iguais. En concreto, abranguen desde o período do reino suevo e visigodo, así como do período dos Reis Católicos e do reinado de Felipe II e, segundo salienta a documentación deste procedemento, “a totalidade das moedas históricas obxecto da incoación presentan un excelente estado de conservación”.

Neste senso, entre as sete moedas, atópase unha emisión única, que constitúe unha das poucas testemuñas material e documental auténticas da existencia do Reino Suevo en Galicia, á que os técnicos lle recoñecen “un valor cultural senlleiro” polas súas características artísticas. Ademais, destacan dúas pezas cuñadas na Coruña de “gran valor cultural e de rara cuñación”.

Cómpre salientar que a incoación inicial constaba de sete moedas, mais a peza coñecida como *1/4 de excelente dos Reis Católicos, Ceca A Coruña*, foi adquirida na poxa mediante o exercicio do dereito de tenteo polo Ministerio de Cultura para destinala ao Museo Arqueolóxico Nacional e pasou a formar parte das coleccións do Estado que se custodian na dita institución.

Consecuentemente, a declaración de ben de interese cultural da totalidade das seis moedas, na categoría de obxecto moble singular, supónlles a protección patrimonial exixida polo seus valores históricos, artísticos, culturais e tamén identitarios e territoriais, xa que plasman con singular relevancia o seu vencellado coa Gallaecia histórica. Na actualidade, estas exemplares son propiedade da Xunta de Galicia, tras

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adquirilas por 178.200 euros o pasado novembro, e están depositadas no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Esta declaración eleva a 799 o número de bens de interese cultural existentes en Galicia. Así, permite culminar un proceso iniciado en xuño de 2025 pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que se resolve agora antes de que se cumpra o prazo máximo de 24 meses establecido na Lei de patrimonio cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA BOLSA DE FORMACIÓN EN ASUNTOS EUROPEOS NO EIDO DA I+D+I NA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

O Goberno galego inviste preto de 20.000 euros na axuda, centrada no eido da innovación e a investigación

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, dunha bolsa de formación por un importe de case 20.000 euros dirixida a persoas con título universitario para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación.

O programa formativo da bolsa terá unha duración de 12 meses na propia oficina da FGE en Bruxelas, aínda que coa opción de levar a cabo breves períodos formativos na sede da Axencia Galega de Innovación en Santiago de Compostela ou noutras dependencias que se determinen. A incorporación da persoa bolseira prevese para decembro deste ano.

A iniciativa enmárcase no programa anual de bolsas de formación en proxectos europeos impulsado pola FGE, neste caso centrada no ámbito da innovación e a investigación, así como no seguimento das políticas comunitarias, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación que financia e titoriza esta bolsa. Súmase polo tanto a outras bolsas autorizadas tamén este ano, como as dúas destinadas a persoas con título universitario oficial de grao ou equivalente en Dereito para facilitar a especialización en políticas e dereito da Unión Europea mediante a realización de prácticas en asuntos comunitarios na oficina da fundación en Bruxelas.

Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa (FGE) é unha entidade instrumental do sector público autonómico creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Conta con dúas oficinas: unha presente en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, formando parte esta última das preto de 300 delegacións rexionais establecidas na capital comunitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 1,1 M€ Á MELLORA DE 62 PARADAS DE AUTOBÚS NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS DE ACCESO POLO SUROESTE A SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O Consello da Xunta toma razón da licitación das obras que se publica hoxe mesmo na Plataforma de contratos públicos de Galicia
- As intervencións mellorarán as paradas para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como o acondicionamento dos itinerarios peonís, ademais de incorporar marquesiñas, mellorar a sinalización e facilitar o acceso ás persoas con discapacidade visual
- Estas actuacións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús que ten en marcha a Xunta nas estradas autonómicas para a mellora de máis dun milleiro de paradas en toda Galicia cun investimento previsto de 35 M€

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da licitación por máis de 1,1 M€ do contrato das obras para mellorar a accesibilidade e conectividade de 62 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas no ámbito das rutas de acceso polo suroeste á cidade de Santiago de Compostela. A licitación publícase hoxe mesmo na Plataforma de contratos públicos de Galicia. As actuacións están cofinanciadas con fondos europeos Feder 2021-2027 e enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús da Xunta, dotado con 35,5 millóns de euros para executar melloras en 1.100 paradas de autobús en toda a comunidade.

As intervencións realizaranse en paradas dos concellos de Boiro, Carnota, Dodro, Muros, Noia, Outes, O Porto do Son, Rianxo, Ribeira e A Pobra do Caramiñal situadas nas estradas AC-305, AC-550 e AC-543, todas elas da provincia da Coruña.

As obras, cun prazo previsto de execución de 18 meses, consistirán na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como o acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paradas, coa fin de mellorar a accesibilidade ao transporte público.

Os traballos abranguen a colocación de refuxios de tipo urbano ou rural, en función do lugar onde se encontre a parada. Nas zonas que non teñan beirarrúas habilitaranse ademais itinerarios accesibles, cunha anchura suficiente e un pavimento adaptado para facilitar o desprazamento das persoas con discapacidade visual. Tamén se instalarán refuxios para as paradas de autobús e se mellorará a sinalización tanto no chan como nos sinais verticais.

A actuación inclúe así mesmo a mellora da drenaxe para adaptala ao trazado actual, a instalación dunha canalización para servizos ao longo de todo o tramo, a construción de muros de pedra e a colocación de varandas metálicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todos estes traballos teñen como fin última fomentar o uso do transporte público, diminuindo os movementos de corto e medio percorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación. No marco destes proxectos, a Xunta inclúe os aparcadoiros disuasorios, as sendas nas contornas das grandes cidades, a mellora da seguridade e da accesibilidade nas paradas de autobús nas estradas autonómicas e os investimentos nas estacións intermodais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA O AVANCE NA CREACIÓN DO REXISTRO DE CONCESIÓNS E AUTORIZACIÓNS QUE SITUARÁ GALICIA Á VANGARDA EN TRANSPARENCIA E XESTIÓN DO LITORAL

- Salienta que esta ferramenta, que estará lista “antes de que remate o ano”, busca que a cidadanía “poida coñecer en todo momento os permisos vixentes na costa”
- Supón un avance na planificación, protección e ordenación da costa galega ao ofrecer información pública, territorializada, actualizada e cada vez máis ampla sobre as actividades autorizadas no dominio público marítimo-terrestre
- As principais características deste rexistro serán a dixitalización, a interoperabilidade con outras administracións e a accesibilidade por parte da cidadanía, ademais de ter capacidade de emitir certificacións
- En menos de 15 meses, Galicia avanzou cara a un modelo de xestión máis sinxelo, homoxéneo e accesible e tramitou 2.749 actuacións en materia de litoral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Goberno autonómico vén de autorizar na reunión desta mañá o envío ao Consello Consultivo de Galicia do decreto polo que se crea o Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre (DPMT). “Isto vai situar Galicia á vangarda en transparencia e xestión do litoral”, indicou.

“Imos habilitar un sistema para que a cidadanía poida coñecer en todo momento os usos e autorizacións vixentes na costa galega”, salientou o presidente sobre un Rexistro, concibido para incorporar progresivamente as autorizacións e concesións no DPMT e que permitirá sistematizar e ampliar a información dispoñible sobre as actividades autorizadas, o que resulta fundamental para avanzar na planificación, protección e xestión integrada da costa galega así como reforzar a seguridade xurídica das actividades e proxectos.

Nese senso, o Rexistro galego, ademais de ser un inventario administrativo, actuará como un instrumento de coñecemento do litoral que ofrecerá información pública, territorializada e actualizada de grande utilidade para a toma de decisións. Así, tal e como explicou o presidente, servirá para coñecer a distribución territorial das actividades, elaborar estatísticas e coordinar as políticas autonómicas sobre o litoral. De feito, cada título incluírá información sobre a provincia, o concello e as súas coordenadas, ademais da superficie ocupada, o prazo, o canon e, cando proceda, a causa e a data de extinción.

O principal obxectivo é garantir unha maior transparencia a todas as persoas, sectores e administracións con implicación nos usos e actividades que se desenvolven na costa. Nesa liña, Rueda explicou que se inscribirán os títulos e as súas modificacións, así como os seus pregos de condicións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a medida que se incorporen as autorizacións e concesións, os seus datos “serán actualizados de oficio continuamente” e, ademais de permitir a súa consulta, poderanse emitir certificacións sobre o seu contido.

A interoperabilidade do Rexistro converterao nunha ferramenta de coordinación na medida en que permitirá a circulación de datos entre diferentes administracións, constituíndo así unha infraestrutura de información compartida e unha fonte común para a xestión do litoral.

“O Rexistro permitirá facer unha radiografía bastante exacta das actividades autorizadas ao longo do territorio costeiro galego”, asegurou o presidente, que salientou que a previsión da Xunta e avanzar na tramitación necesaria co obxectivo de poñer en marcha o Rexistro “antes de que remate o ano”.

Modelo de xestión máis sinxelo, homoxéneo e accesible

O Rexistro reforzará o proceso de dixitalización, simplificación e axilización dos procedementos de obtención de títulos habilitantes no litoral. De feito, dá continuidade ao traballo que vén desenvolvendo a Xunta desde que, tal e como indicou Rueda, “asumió o traspaso de funcións e servizos en materia de litoral en xullo do pasado ano”, co fin de consolidar un modelo de xestión máis sinxelo, homoxéneo e accesible.

Nesa liña, cómpre salientar, por exemplo, a habilitación dunha solicitude electrónica única para as autorizacións e concesións fronte á dispersión anterior de formularios e procedementos, ou a unificación dos criterios técnicos, dos prazos, das taxas e das condicións aplicables nas tres provincias costeiras galegas.

Tamén se reforzou o acompañamento á cidadanía, aos concellos e ao tecido produtivo mediante a creación do portal Galicia litoral, dunha canle específica de información no 012, así como a publicación de guías con criterios uniformes e a organización de xornadas formativas, especialmente para os servizos de tempada.

Así, Alfonso Rueda destacou que en menos de 15 meses, “Galicia tramitou xa 2.749 actuacións en materia de litoral”. En concreto, na zona de servidume de protección tramitáronse 1.247 actuacións, entre autorizacións e declaracións responsables. En canto ao dominio público marítimo-terrestre, tramitáronse 875 títulos habilitantes, que serán incorporados progresivamente ao Rexistro de autorizacións e concesións no DPMT.

Este volume de actividade cobra especial relevancia tendo en conta as condicións nas que a Xunta tivo que asumir a nova competencia, xa que documentación transferida polo Goberno central non permitiu dispoñer dunha copia plenamente operativa e actualizada do Rexistro de usos do dominio público marítimo-terrestre para consultar de forma integral a información relativa a Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o acceso público ao rexistro estatal permanece temporalmente inactivo por traballos técnicos e o propio Ministerio recoñece que os datos nos que se basea poden conter erros ou omisións. De aí a importancia de contar cun rexistro galego que ofrezca unha base de datos propia, fiable e accesible.

A esta dificultade engádese que a documentación estatal non se recibiu de maneira unitaria, senón en sucesivos lotes, e presentaba deficiencias formais e estruturais. Máis polo miúdo, remitíronse arquivos de difícil acceso, duplicados ou con problemas de adecuación á normativa técnica de interoperabilidade. Unhas carencias que dificultaron a consulta da información e a continuidade administrativa dos expedientes, polo que a Xunta tivo que realizar un importante traballo previo de análise, depuración e ordenación para garantir unha tramitación homoxénea e con seguridade xurídica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O NOVO PROGRAMA DE EXCELENCIA SÉNIOR DE GALICIA PARA APROVEITAR O TALENTO DO PERSOAL INVESTIGADOR MÁIS DESTACADO DAS UNIVERSIDADES

- Vai destinado a profesores eméritos, xa xubilados, vencellados aos centros que contan coa prestixiosa acreditación María de Maeztu
- Permitirá que poidan continuar en activo estes investigadores principais e excelentes, cuxo traballo é vertebral para as liñas de investigación dos seus centros e, por tanto, para o ecosistema da I+G+i
- Terá unha duración de ata tres anos, coa finalidade que poidan pechar os proxectos nos que están a traballar e favorecer a remuda xeracional

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marca do novo programa piloto de excelencia sénior de Galicia, unha iniciativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP para aproveitar o talento dos investigadores máis destacados do Sistema universitario de Galicia e facilitar a remuda xeracional. En concreto dirixirase aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (rede Cigus) que contan coa prestixiosa acreditación María de Maeztu, co obxectivo tamén de facilitarlles a renovación desta distinción tendo en conta o importante papel e peso dos científicos excelentes neste tipo de distincións.

Para iso, facilitarase que os investigadores principais, xa xubilados, que sexan profesores eméritos da universidade e cuxo traballo é vertebral para as liñas de investigación dos seus centros, continúen traballando neles. Convocaranse un total de tres prazas cunha vinculación máxima de dous anos prorrogable por un máis. Durante este tempo, poderán pechar os proxectos nos que están a traballar e facilitar a remuda xeracional cara a outros investigadores en activo que poidan ocupar o seu lugar.

Neste sentido, o aproveitamento da experiencia, coñecemento acumulado e capacidade de mentoría do persoal investigador de traxectoria consolidada resulta esencial para asegurar a sustentabilidade do sistema e favorecer procesos ordenados de remuda xeracional.

A día de hoxe a Universidade de Santiago de Compostela é a única en Galicia que conta con tres centros distinguidos coa acreditación María de Maeztu, en concreto o Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) e o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE). Así as cousas, o programa artellarase a través dun convenio de colaboración coa USC, que será a responsable de realizar a convocatoria para que os profesores realicen a súa solicitude para continuar en activo.

Traxectoria científica de excelencia acreditada

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Poderá participar o profesorado emérito que desenvolva a súa actividade principal nun dos devanditos tres centros e que conte cunha traxectoria científica de excelencia acreditada, cun liderado consolidado en liñas estratéxicas do centro. Será requisito imprescindible dispoñer de actividades de investigación activas, que lidere a persoa candidata.

Ademais, no momento da presentación da candidatura ante a USC, deberase presentar un plan de remuda xeracional detallando as medidas destinadas a garantir a continuidade das liñas de investigación, das estruturas científicas e das capacidades organizativas do centro, podendo incluír, entre outras actuacións, a integración progresiva doutros investigadores nas redes científicas existentes, mecanismos de cotutorización do persoal predoutoral e posdoutoral ou plans de incorporación de persoal investigador consolidable.

A avaliación das candidaturas corresponderá a un comité experto externo, o *Scientific Advisory Board* (SAB). As persoas seleccionadas percibirán a pensión de xubilación, que será compatible co complemento salarial que financia o programa de excelencia sénior. O orzamento total da iniciativa é de 287.000 €, dos que a Xunta achega o 85 % e a USC o 15 % restante.

A través deste programa garántese a continuidade das capacidades científicas estratéxicas dos centros de investigación de excelencia, facilítase a permanencia temporal de persoal investigador sénior de traxectoria recoñecida cuxo liderado resulte esencial para a competitividade internacional dos centros, promóvese a remuda xeracional e contribúese á consolidación da rede Cigus e ao mantemento das distincións de excelencia obtidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ALCANZA XA OS 14 M€ EN 52 AXUDAS PARA CONSOLIDAR A CARREIRA EN GALICIA DE INVESTIGADORES EXCELENTES ERC

- Son apoios do programa Oportunius para reforzar o traballo en Galicia de científicos referentes, tanto de xeito simultáneo e complementario ás axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC) como na etapa posterior para continuar cos seus proxectos na Comunidade
- O Consello da Xunta dá hoxe luz verde ao convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e as universidades de Santiago e A Coruña para contribuír con máis de 3 M€ no período 2026-2030 á traxectoria de 13 investigadores
- É o convenio de axudas complementarias a científicos ERC máis amplo dos asinados ata o momento
- Esta partida súmase aos 9,8 M€ destinados a 35 axudas a estes investigadores desde 2012 a 2025 no ámbito universitario e a preto dun millón para catro beneficiarios que desenvolven o seu traballo en centros do CSIC en Galicia
- Dos 47 investigadores con axudas ERC que hai na actualidade na comunidade galega, 28 teñen contratos Oportunius coa Xunta e cando finalice 2026 serán 31 en total

A Xunta alcanza xa os 14 M€ destinados a 52 axudas para consolidar a carreira investigadora en Galicia de científicos excelentes que desenvolven o seu traballo na nosa comunidade, a maioría nas tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG). Os beneficiarios son aqueles que obtiveron as prestixiosas bolsas do Consello Europeo de Investigación (ERC) e trátase de apoios complementarios que ofrece o Goberno galego a través do programa Oportunius para xerar, atraer, retornar e reter talento para os nosos centros de investigación e reforzar así a nosa I+G+i.

O Consello da Xunta dá hoxe luz verde ao convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e as universidades de Santiago e A Coruña para achegar máis de 3 M€ no período 2026-2030 ao reforzo da traxectoria de 13 investigadores con axudas ERC. Trátase do convenio máis amplo dos asinados ata o momento. Esta cantidade súmase aos 9,8 M€ destinados pola Xunta a 35 apoios a investigadores ERC das tres universidades galegas desde 2012 a 2025. Ademais, a Xunta concedeu preto dun millón de euros a catro axudas a científicos ERC que desenvolven o seu traballo en centros do CSIC en Galicia. É dicir, 52 axudas e 14 M€ desde a posta en marcha destes apoios.

O ERC busca impulsar a longo prazo proxectos de investigadores excelentes e apoia a creación de equipos de investigación, para que desenvolvan unha investigación innovadora, priorizando a axuda para realizar a transición á independencia co apoio axeitado á creación ou consolidación dun equipo de investigación propio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consolidación da traxectoria

As prestixiosas bolsas que concede o ERC teñen unha duración de cinco ou seis anos dependendo da modalidade e as axudas complementarias do programa Oportunius teñen en conta a súa duración coa finalidade última de consolidar a vinculación destes investigadores excelentes co ecosistema galego de I+D+i.

Os importes da axuda complementaria que concede a Xunta a través do programa Oportunius, segundo modalidade, son: 50.000 €/ano no caso de Starting Grant (StG); 65.000 €/ano se é unha Consolidator Grant (CoG) e 80.000 €/ano no caso dunha Advanced Grant (AdG) ou unha Synergy Grant (SyG). Unha vez que finalizan a súa axuda ERC, o Goberno galego tamén ofrece axudas Post-ERC: 50.000 € anuais durante catro anos máis para que poidan afianzar o seu proxecto en Galicia.

O obxectivo do programa Oportunius con todos estes apoios económicos é poñer a disposición do persoal investigador un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O convenio ao que hoxe se lle dá luz verde para fixar estas axudas complementarias ata o ano 2030 destina 3.363.542 € a 13 axudas a investigadores ERC. Neste caso, nove son axudas simultáneas á bolsa do Consello Europeo de Investigación: para oito investigadores da USC e para un da UDC, cun importe total de 2.563.542 €. As outras catro axudas son para científicos que finalizaron a ERC, cun importe de 800.000 €, neste caso, os catro da USC.

31 contratos Oportunius a finais de 2026

Desde o ano 2012 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP asinou 11 convenios, contando co que agora se asina 2026-2030, coas tres universidades do SUG para achegar axudas complementarias para que persoal investigador beneficiario das convocatorias dos programas ERC poidan crear ou consolidar o seu propio equipo de investigación. As axudas foron para 24 investigadores da USC, cinco da UDC e seis da UVigo. Entre 2012 e 2025 a Xunta destinou a estas axudas 9,8 M€.

O programa Oportunius é un importante instrumento en Galicia para consolidar unha base de científicos excelentes que elevan a I+G+i dentro e fóra da nosa comunidade, facendo investigación de primeiro nivel, liderando equipos, desenvolvendo proxectos punteiros e captando máis financiamento a través da súa actividade nos centros de investigación de Galicia.

Nestes momentos estes centros contan con 47 investigadores gañadores de axudas ERC que están a desenvolver 59 proxectos punteiros. Destes, 28 contan cun contrato Oportunius da Xunta de Galicia. Ao remate de 2026 serán 31 en total. Os científicos excelentes con contrato de persoal investigador distinguido desputan en proxectos referentes en nanotecnoloxía, ciencia de polímeros, física de partículas, química orgánica, electrónica molecular, biofabricación, radioterapia, bioloxía molecular, bioloxía evolutiva, xenética do cancro, antropoloxía médica ou materiais intelixentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACADA A MAIOR ADXUDICACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL DOS ÚLTIMOS 10 ANOS, CON PRETO DUN CENTENAR DE PARCELAS E UN IMPORTE DE 15,8 M€

- O concurso, o primeiro tras a incorporación das novas medidas de axilización e antiacaparamento, mobiliza case 240.000 metros cadrados en toda Galicia
- Rueda resalta que a convocatoria saldouse coa adxudicación de "90 parcelas a 44 empresas"
- Por provincias, Lugo concentra o maior número de predios, con 44 adxudicados, seguida da Coruña, con 32, Ourense con 11 e Pontevedra con tres

O Consello da Xunta tomou razón hoxe dos resultados da primeira fase do concurso público de venda e concesión de dereitos de superficie de parcelas deseñada pola Consellería de Economía e Industria, a través de Xestur, para axilizar a implantación de novas industrias en Galicia. "Galicia acadou a maior adxudicación de solo industrial da última década", salientou o presidente do Goberno autonómico, Alfonso Rueda.

En concreto, tal e como explicou, o concurso saldouse coa adxudicación de "90 parcelas a 44 empresas", que suman 239.715 metros cadrados de superficie e un importe de 15,8 millóns de euros.

A convocatoria, posta en marcha o pasado mes de abril no marco do Plan de desenvolvemento de solo empresarial, incorporou novas condicións de acceso ao solo e novas fórmulas de comercialización máis flexibles, co obxectivo de facilitar a implantación de empresas e proxectos industriais. Ao mesmo tempo, reforzou os mecanismos destinados a garantir que o solo público se destine efectivamente á actividade produtiva coa maior celeridade posible.

As novas medidas antiacaparamento incluídas no concurso limitaron o acceso ao solo promovido por Xestur a empresas que noutras parcelas non cumpriron o seu compromiso de implantación da actividade industrial, co obxectivo de dar prioridade a aquelas iniciativas empresariais "cun maior grao de madurez" e capacidade de implantación efectiva "a curto prazo". Neste sentido, Rueda explicou que un dos requisitos era que as empresas interesadas puxeran en marcha o seu proxecto "nun prazo máximo de tres anos" e que o manteñan "polo menos unha década".

As bases incorporaron tamén outras condicións para asegurar o destino produtivo do solo, como a exclusión de solicitudes destinadas exclusivamente ao alugueiro a terceiros.

As parcelas adquiridas abarcan unha superficie total de 239.715 metros cadrados e representan un importe de 15.831.898 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por provincias, Lugo concentra o maior número de parcelas, con 44 e unha superficie de 128.782 metros cadrados, seguida da Coruña, con 32 parcelas e 44.057 metros cadrados. Ourense suma 11 parcelas, que representan 34.976 metros cadrados, mentres que Pontevedra conta con 3 parcelas e unha superficie de 31.901 metros cadrados.

Menos trámites e novas fórmulas de adxudicación

A Consellería de Economía e Industria puxo en marcha un novo concurso público de venda e concesión de dereitos de superficie de 357 parcelas de solo empresarial de titularidade autonómica que suman preto de 800.000 metros cadrados. A convocatoria abranguea parcelas propiedade de Xestión do Solo de Galicia (Xestur) e do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), e incorporaba novas fórmulas para adaptar a venda á realidade do mercado, entre elas, a oferta pública permanente e a adxudicación directa.

Unha vez resolto o concurso, darase paso de forma inmediata á seguinte fase de comercialización do solo que aínda permaneza dispoñible. Deste xeito, Xestur publicará hoxe na súa páxina web (<https://www.xesturgalicia.com/>) a resolución íntegra do concurso e a relación das parcelas que resultaron vacantes. Así, as empresas interesadas poderán presentar solicitudes de adxudicación directa sobre estes terreos. A adxudicación neste caso será por orde de solicitude, sempre que se cumpran cos requisitos.

E, en paralelo, continuará a tramitación da oferta pública permanente, un procedemento pioneiro implantado por primeira vez en 2026 e diferenciado do concurso agora resolto, que permite presentar solicitudes de solo empresarial de maneira continuada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2025 GALICIA CUMPRIU UN ANO MÁIS COS OBXECTIVOS DE DÉFICIT E DÉBEDA FIXADOS NO SEU ORZAMENTO

- A Comunidade galega rematou o exercicio cun saldo fiscal positivo do 0,19 % do PIB, cumprindo co obxectivo recollido no orzamento
- Galicia pechou o ano cunha taxa de endebedamento do 13,9 % sobre o PIB
- Un ano máis o esforzo investidor da Xunta alcanzou o 14,6 % e un aforro bruto de 1.360 millóns de euros
- En 2025, a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto non financeiro do 97,4 %, o que implica un gasto preto de 655 M€ superior ao exercicio 2024, en termos homoxeneizados
- Este saldo fiscal positivo permitirá que a Xunta poida executar investimentos financeiramente sostibles durante os anos 2026 e 2027, ao igual que aconteceu co saldo positivo de 191M € do ano 2024
- A Conta Xeral incorpora varias melloras, en liña coas recomendacións realizadas polo Consello de Contas

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Conta Xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2025, que mostra que Galicia “cumpriu os obxectivos de déficit e de débeda pública recollidos no seu orzamento”.

O documento presentado hoxe polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, mostra que o Goberno galego pechou o exercicio cun saldo fiscal positivo do 0,19 % do PIB e cunha taxa de endebedamento do 13,9 %.

Os datos definitivos amosan que Galicia pechou o 2025 cunha execución do orzamento consolidado do 97,4 %; un saldo fiscal positivo de 167 M€, o que representa o 0,19 % do PIB; e un esforzo investidor do 14,6 %.

Este saldo fiscal positivo permitirá que a Xunta poida executar investimentos financeiramente sostibles durante os anos 2026 e 2027, ao igual que aconteceu co saldo positivo de 191M € do ano 2024.

Período medio de pago

Na Conta Xeral pódese apreciar que Galicia non só foi das comunidades autónomas que cumpriu de novo os obxectivos de déficit e de débeda, senón que tamén foi unha das que liderou o tempo de pagamento a provedores. En concreto, rematou o 2025 cun período medio de pago de 15,61 días, fronte aos 26,13 de media das comunidades autónomas. Desta forma, a Xunta de Galicia, un exercicio máis, é quen de compatibilizar altos niveis de execución con grandes esforzos investidores e un áxil pagamento aos provedores.

Outra das magnitudes que permiten analizar a xestión orzamentaria e a sustentabilidade das finanzas públicas é o aforro bruto, medido como a capacidade de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

financiar gastos de capital con ingresos correntes. Este indicador mostra que as finanzas galegas reservan en torno 1.360 M€ dos seus ingresos correntes para financiar operacións de capital que contribúen á mellora económica de Galicia no medio prazo.

En canto ao esforzo investidor, o ano pasado Galicia destinou o 14,6 % do total do gasto non financeiro a investimentos.

Con estes indicadores, o Executivo galego reafirma a súa aposta por un modelo de crecemento baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda, o que permite ter maior marxe de gasto nos investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade aos provedores da Administración.

A Conta Xeral inclúe varias melloras, na dirección indicada polo Consello de Contas nas súas recomendacións. Destacando melloras no ámbito da información do Servizo Galego de Saúde, melloras na información consolidada do sector público autonómico. Ademais inclúe un punto novo con información do "gasto verde" na Administración xeral, que detalla o gasto executado no eixo 2 "Galicia e verde e sostible" do PEG 22-30.

A Xunta de Galicia remitirá agora a Conta Xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN DA SENDA NA ESTRADA PO-313 AO SEU PASO POR BROULLÓN EN MOAÑA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 3,5 M€

- Con esta nova actuación da Xunta na comarca do Morrazo, habilitarase un treito de case 3 km de lonxitude, para configurar un itinerario peonil continuo e seguro desde o núcleo de Broullón ata a intersección coa estrada EP-1104
- O Goberno galego mantén a súa aposta por itinerarios peonís marxes das vías autonómicas para facilitar unha mobilidade sostible e segura

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á aprobación do proxecto de trazado para a execución da senda na estrada autonómica PO-313 ao seu paso por Broullón, no concello de Moaña

Esta nova actuación da Xunta, que suporá un orzamento global de case 3,5 M€ (3.467.924,48 €), e que contará co cofinanciamento dos fondos europeos Feder e, permitirá habilitar un itinerario peonil que favorecerá un tránsito máis cómodo e seguro por este no treito desta vía autonómica ao seu paso polo municipio.

Trátase de habilitar unha senda mixta pola marxe dereita da estrada e a rehabilitación das xa existentes, de xeito que se configure un itinerario peonil continuo e seguro desde o núcleo de Broullón e ata a intersección coa estrada EP-1104.

A aprobación definitiva hoxe por parte do Executivo autonómico deste novo proxecto na comarca do Morrazo comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 61 predios necesarios para executar esta intervención.

O proxecto

O proxecto de trazado aprobado hoxe polo Executivo autonómico comprende as intervencións necesarias para a execución dunha senda mixta na marxe dereita da PO-313, nun treito de preto de 3 quilómetros de lonxitude (2.910 metros), comprendido entre os puntos quilométricos 11+600 e 15+260. Entre os puntos quilométricos 14+180 e 14+630 existe na actualidade un treito de beirarrúa, que haberá que acondicionar. Segundo este proxecto, na intervención está previsto tamén unha zona de aparcamento.

Nas zonas onde sexa necesario actuar sobre a plataforma actuarase sobre o firme, co estendido dunha capa de formigón, con saburra de nivelación, e estendido dunha capa de rodadura.

No que respecta ao drenaxe, propónse unha rede de pluviais mediante a colocación de novos colectores situados baixo a senda aproximándose ás súas pendentes e conectándose á rede existente, así como a reposición dos sumidoiros actuais axustados á nova aliñación e complementarase con aqueles novos que sexan necesarios debido ás novas seccións proxectadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Naquelas zonas onde os noiros se verticalicen debido ao recuamento necesario para a implantación da senda mixta, será necesario a disposición de muros de dique para contención de terras, con alturas variables comprendidas entre os 1,50 e os 3,00 metros.

Ademais, procederase a renovación de tres refuxios de autobús xa existentes, localizadas nos puntos quilométrico 11+960, 12+250 e 13+980.

Froito das achegas durante o proceso de información pública, incorpóranse modificacións ao trazado inicialmente proposto, polo que se diminuírá a liña de expropiación en 1 m, para minimizar a afección a distintas parcelas e, evitar así, a expropiación de varios muros e portais.

Tamén se diminuírá o ancho da senda ao seu paso pola fronte dunha parcela, coa finalidade de non afectar a cimentación da vivenda. Así mesmo, na parte leste da dita parcela, diminuírase en 1 metro a liña de expropiación, para minimizar a afección aos muros e os portais existentes. Tampouco se afectará ao peche norte doutra parcela, e na súa zona sur, no límite coa parcela lindeira, realizarase un muro perpendicular á estrada.

A Xunta avanza na supervisión do proxecto construtivo, e a previsión é a de realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións no derradeiro trimestre do presente ano, e licitar as obras ao principio do vindeiro ano. O prazo de execución da intervención é de 12 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR PRETO DE 2,7 M€ A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 14 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN ARTEIXO

- Os novos fogares construíranse nunha parcela, en Vilarrodís, cedida polo Concello
- O deseño do edificio prevé iluminación natural e vistas ao exterior en todas as estancias, acadando vivendas máis luminosas, confortables e de calidade
- Disporase de nove vivendas de dous dormitorios, unha delas adaptada, tres de tres dormitorios e outras dúas de catro
- Estas novas vivendas enmárcasen no compromiso da Xunta de duplicar o parque público residencial, para chegar ás 8.000 vivendas no 2028, e a previsión do Pacto de Vivenda de Galicia 2026-2030 de acadar 10.000 vivendas públicas no 2030

O Consello da Xunta autorizou hoxe a próxima licitación do contrato de execución das obras de construción de 14 vivendas de promoción pública na parcela UA-43 P11, na rúa Aguceira en Vilarrodís, nunha parcela cedida polo Concello de Arteixo.

O importe de licitación deste contrato de construción destes novos fogares será de 2.680.002,09 euros. O proxecto foi redactado pola UTE Sabín Blanco - Ameneiros Rey. Adxudicado por 99.495,88 euros.

Este novo edificio de promoción pública, impulsado pola Xunta, contará con 14 vivendas, ademais dos correspondentes garaxes e rochos, cunha distribución deseñada para garantir que todas as estancias dispoñan de iluminación natural e vistas ao exterior, favorecendo así fogares máis luminosas, confortables e de calidade.

En concreto, disporase de nove vivendas de dous dormitorios, sendo unha adaptada para o uso por persoas con mobilidade reducida útiles. Tamén haberá tres vivendas de tres dormitorios e outras dúas de catro.

Número de dormitorios	Número de vivendas
2	8
2 adaptada	1
3	3
4	2
Total	14

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase dunha obra na que tamén se terá en conta a integración do edificio na súa contorna urbana e na que se garantirá a máxima accesibilidade en todos os accesos, percorridos e dependencias, apostando por solucións construtivas sinxelas, duradeiras e de baixo mantemento, así como por unha envolvente eficiente que cumpra as esixencias térmicas e acústicas.

Arteixo é un dos 17 concellos que nesta lexislatura están xa a colaborar coa Xunta para o desenvolvemento de vivenda pública, a través da cesión de balde de solo municipal. Esta rede inclúe tamén aos concellos de Pontevedra, Lugo, Teo, A Estrada, Lalín, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo, Narón, San Cibrao das Viñas, Bueu, Baiona, Sanxenxo, O Porriño e Santiago de Compostela.

As novas vivendas na rúa Aguceira en Vilarrodís enmárcanse no compromiso da Xunta de duplicar o parque de vivenda pública no período 2024-2028 para chegar ás 8.000 vivendas públicas e na previsión do Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030 de chegar ás 10.000 vivendas públicas no ano 2030.

Infografía das futuras vivendas:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DE SOLO DO CONCELLO DE LALÍN E ACORDA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DE PROXECTO E OBRA PARA CONSTRUIR 15 NOVAS VIVENDAS PÚBLICAS CON TÉCNICAS INDUSTRIALIZADAS

- O Executivo autonómico toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta dunha parcela situada na rúa Fontesanguíña, e continuar ampliando o parque público residencial
- O investimento autonómico estimado na execución das obras superará os 3,5 M€
- Nos vindeiros días, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará este contrato, que inclúe a redacción do proxecto, dirección de obra e a construción, co emprego de técnicas industrializadas, destes novos fogares
- Trátase do segundo proxecto de vivenda pública que a Xunta impulsará en Lalín, estando xa adxudicadas por preto de 3,1 M€ as obras de 17 vivendas nunha parcela do vial 1, tamén cedida de balde polo Concello
- Lalín é así un dos 17 concellos que están xa a colaborar coa Xunta no desenvolvemento de vivenda pública, a través da cesión de balde de solo municipal

O Executivo autonómico tomou hoxe razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido gratuitamente por parte do Concello de Lalín, que lle permitirá á Xunta impulsar a construción de 15 vivendas de promoción pública neste municipio pontevedrés.

Seguindo a senda comprometida polo Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda na comunidade para o ano 2028, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública (Vipugal), recibiu o compromiso do Concello desta cesión da titularidade gratuíta dunha parcela da rúa Fontesanguíña, no obxectivo de impulsar vivenda protexida nesta vila e seguir incrementando o parque público residencial autonómico.

O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a licitación do contrato de execución das obras de construción de 15 novos fogares, garaxes e rochos (prolongación rúa Rosalía de Castro) do concello de Lalín. O número de vivendas é estimado e quedará fixado cando se redacte o proxecto.

O importe de licitación do contrato de construción das vivendas será de 3.505.830,67 euros.

Nas vindeiras semanas, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará este contrato, que inclúe a redacción do proxecto, a dirección da obra e a execución das obras de construción das vivendas co emprego de técnicas industrializadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este é o segundo proxecto de construción de vivendas de promoción pública que acomete a Xunta en Lalín, onde tamén desenvolve un proxecto de 17 vivendas na parcela RP-B2.1 do vial 1. A obra foi adxudicada o 11.9.2026 por importe de preto de 3,1 millóns de euros.

Lalín é así un dos 17 concellos que nesta lexislatura están xa a colaborar coa Xunta para o desenvolvemento de vivenda pública, a través da cesión de balde de solo municipal. Esta rede inclúe tamén aos concellos de Pontevedra, Lugo, Teo, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo, Narón, San Cibrao das Viñas, Arteixo, Bueu, Baiona, Sanxenxo, O Porriño e Santiago de Compostela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 15 M€ PARA A ADQUISICIÓN DE PRÓTESES DE CADEIRA E OS SEUS COMPOÑENTES ASOCIADOS

- O contrato autorizado hoxe estrutúrase en seis lotes e inclúe a adquisición de implantes, a cesión de 55 motores cirúrxicos e a posta á disposición do instrumental necesario para levar a cabo este tipo de intervencións
- A duración inicial será de dous anos, coa posibilidade de ampliación por 24 meses máis
- O Executivo galego realizará esta licitación mediante o modelo de compra centralizada, co obxectivo de acadar un aforro de 764.555 euros ao ano

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un investimento de 15.072.901 euros para a contratación, mediante Acordo marco, da subministración sucesiva de próteses de cadeira primaria e os seus compoñentes asociados, con destino aos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Estruturado en seis lotes, o expediente inclúe a compra de distintos sistemas protésicos, incluíndo compoñentes femorais, compoñentes acetabulares, insertos, cabezas femorais, parafusos de fixación ou compoñentes para hemiartroplastia.

As empresas que resulten adxudicatarias deberán pór á disposición dos centros hospitalarios un total de 55 motores cirúrxicos, así como todo aquel instrumental específico que se precise para a correcta implantación das próteses.

O contrato terá unha duración inicial de dous anos, recollendo a posibilidade de ampliación por 24 meses máis. Neste caso, o valor estimado do contrato acada os 30.145.803 euros.

O Goberno galego realizará esta licitación mediante o modelo de compra centralizada, co obxectivo de homoxeneizar as condicións do subministro entre ás áreas sanitarias e na procura de acadar unha maior eficiencia e sostibilidade do sistema sanitario público. O Servizo Galego de Saúde agarda acadar un aforro de 764.555 euros ao ano grazas a unha redución media dos prezos do 10 % respecto dos actuais.

A elevada incidencia das patoloxías vinculadas á dexeneración articular, así como o importante número de fracturas de cadeira que se rexistran na comunidade, fai preciso garantir as subministracións deste material clínico aos servizos de cirurxía ortopédica e traumatoloxía da rede sanitaria pública galega.

Xa que logo, ademais de garantir o aprovisionamento destas próteses, a Xunta optimiza a xestión dos recursos públicos, mediante unha modalidade de compra que contribuirá a acadar un sistema sanitario de maior calidade, equidade e eficiencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UN PLAN DE 45 M€ E 37 MEDIDAS PARA MELLORAR O BENESTAR, A XESTIÓN DAS INCAPACIDADES TEMPORAIS E IMPULSAR O RETORNO SAUDABLE AO TRABALLO

- Salienta que “Galicia vai ser pioneira en España” ao poñer en marcha un plan destas características que incide “na prevención, na axilización de trámites no eido sanitario e na corresponsabilidade de traballadores e empresas”
- O Plan foi acordado no Diálogo Social e inclúe entre os seus piares o establecemento dunha cultura do benestar máis aló dos mínimos que exige a lexislación vixente
- O conselleiro de Emprego salienta que implicará “máis medios, máis coordinación e máis acompañamento para que o sistema funcione mellor”
- Vaise reforzar o labor do Issga, con especial atención aos trastornos musculoesqueléticos e á saúde mental
- Ademais, a Xunta será pioneira no impulso dun mecanismo de acompañamento á reincorporación tras unha baixa para facilitar unha volta saudable e evitar recaídas
- Rueda resalta que pemes, microempresas e autónomos contarán “con axudas para contratar substitutos” e con apoios para investir en equipamento ergonómico ou facilitar atención psicolóxica e musculoesquelética ao seu persoal
- O plan tamén inclúe un anexo de peticións ao Estado, como un plan de choque para as incapacidades de máis de 365 días —competencia exclusiva súa—, o reforzo de persoal e melloras no intercambio de información entre os axentes implicados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o *Plan Integral para a mellora da prevención, o benestar laboral e a reincorporación saudable ao traballo en Galicia 2026-2029*, unha folla de ruta “pioneira en España”, froito do acordo acadado no marco do Diálogo Social entre o Goberno galego, o sindicato UGT-Galicia e a Confederación de Empresarios de Galicia. “Implicará un investimento de 45 millóns de euros para poñer en marcha case 40 medidas”, resaltou.

Deste xeito Galicia dá un paso adiante ao ser a primeira comunidade en contar cun instrumento destas características e sitúase á vangarda na prevención e no benestar laboral ao tempo que avanza cara a un modelo máis áxil, coordinado e eficiente na xestión das incapacidades temporais, unha realidade cun notable impacto na produtividade e no conxunto da economía galega.

O presidente lembrou o dereito dos traballadores a estar de baixa ata a súa recuperación, pero recoñeceu que é preciso atallar unha situación “que ten causas, consecuencias e que lastra a calidade laboral de moitos centros de traballo”. Nesta liña, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, incidiu en que “Galicia ocupa a segunda posición de España en ausencias ao traballo, o que ten un custe de 2.000 millóns de euros ao ano”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda lembrou que o novo Plan ten como eixos fundamentais “a prevención, a axilización dos trámites no eido sanitario e a corresponsabilidade de traballadores e empresas”. “Vai supoñer máis medios, máis coordinación e máis acompañamento para que o sistema funcione mellor”, engadiu o conselleiro.

O Plan aposta pola prevención, a mellora dos procedementos administrativos e a coordinación entre todos os axentes implicados como pancas para reducir as ausencias ao traballo evitables —debidas a causas corrixibles— respectando sempre tanto aos dereitos das persoas traballadoras como o criterio clínico dos profesionais da saúde. En concreto, o Plan desprega un paquete de 37 medidas concretas en materia de prevención, benestar laboral, atención sanitaria e reincorporación saudable, cunha aposta decidida por avanzar, sempre máis aló dos mínimos que establece a lexislación vixente, na mellora das condicións e do clima laboral, no reforzo da capacidade do sistema público de saúde e na coordinación.

Unha parte central do Plan actúa sobre as causas evitables das ausencias nas que é posible intervir para previr e reducir o número de baixas: as condicións de traballo, a organización, a prevención e o benestar físico e mental. Neste marco, inclúe, tal e como anunciou o conselleiro de Emprego, “a aprobación da Estratexia de Benestar Laboral de Galicia” —actualmente en proceso participativo— e reforza o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) como organismo técnico de referencia, intensificando a prevención, especialmente nos trastornos musculoesqueléticos e nos riscos psicosociais, sen menoscabo das actuacións fronte á sinistralidade, as enfermidades profesionais ou os riscos asociados aos cambios tecnolóxico e climático.

Apoios a pemes, microempresas e autónomos

O Plan adapta tamén as súas medidas á realidade do tecido produtivo galego, con especial atención ás pemes, microempresas e persoas autónomas. Así, habilitaranse axudas para investimentos en equipamento ergonómico —sempre tras unha avaliación previa que xustifique a necesidade— e poñerase en marcha o programa Coida Peme, que —sen substituír en ningún caso as obrigas legais das empresas en materia de prevención— facilitará servizos de atención psicolóxica e musculoesquelética de xeito permanente para todo o persoal, con acceso voluntario e plenamente confidencial. Tamén “haberá axudas para que microempresas e autónomos contraten substitutos” durante incapacidades temporais de longa duración, co fin de manter a actividade e facilitar a reincorporación, e financiaranse ferramentas, equipamentos e adaptacións para facer viable a volta ao posto de traballo, indo máis aló das obrigas legais vixentes.

Outra das principais novidades será converter Galicia na primeira comunidade autónoma en impulsar un mecanismo piloto de acompañamento á reincorporación tras unha baixa, orientado a facilitar unha volta saudable e evitar recaídas. Para iso, crearase a figura do coordinador ou coordinadora de reincorporación, que acompañará voluntariamente a persoa traballadora e facilitará a coordinación coa empresa e o servizo de prevención, sen acceder á historia clínica nin interferir nas decisións dos profesionais sanitarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente, crearase a Fiestra Única Galega de Saúde Laboral e Apoio á Reincorporación Saudable, un servizo público gratuito que ofrecerá diagnóstico preventivo, asesoramento, orientación, tramitación acompañada das axudas, formación e apoio específico nos procesos de reincorporación.

Xa no ámbito da corresponsabilidade e do uso responsable do sistema de protección, o Plan prevé o envío dunha carta —de carácter divulgativo— de dereitos e deberes durante a incapacidade temporal que establece un compromiso bidireccional, tanto do que pode esperar a persoa — dereitos, prazos, citas, apoios, confidencialidade e reincorporación— como dos seus deberes. Paralelamente, prevé un protocolo específico fronte a posibles abusos da incapacidade temporal, sempre baseado en indicios obxectivos e valoración individualizada, con garantías para evitar a estigmatización das persoas en situación de baixa e actuando tamén fronte a posibles prácticas empresariais contrarias á normativa.

A coordinación e avaliación de todo o Plan apoiaranse en tres instrumentos: a Mesa galega permanente de coordinación operativa, o Observatorio galego de benestar laboral e incapacidade temporal e unha Comisión de seguimento tripartita —con Xunta, UGT-Galicia e CEG—, encargada de velar polo cumprimento dos seus indicadores.

Medidas no ámbito sanitario

Estas actuacións complementáanse con medidas no eido sanitario, “para reforzar e mellorar a atención aos pacientes de baixa”, indicou Rueda.. Cómpre lembrar que a Consellería de Sanidade puxo en marcha, en agosto de 2024, un Plan de mellora da xestión e control da incapacidade temporal, con diversas medidas en beneficio dos pacientes e dos profesionais médicos.

Este plan ten como finalidade apoiar aos profesionais que xestionan e controlan os procesos de incapacidade temporal, principalmente os médicos de primaria e o persoal inspector, e, ademais, acadar unha pronta recuperación das persoas traballadoras.

No marco deste plan, estanse a desenvolver distintas medidas que se foron implementando progresivamente. Unha delas é a emisión de partes de baixa por parte dos servizos de admisión dos hospitais, para o caso dos pacientes ingresados e cunha cirurxía programada. Coa finalidade de apoiar aos profesionais da inspección médica no seu labor, a Consellería de Sanidade tamén reforzou recentemente a inspección médica do sistema de saúde de Galicia, incorporando 18 novos profesionais.

Está previsto que, neste ano, a Consellería de Sanidade conte con unidades especializadas de consulta para os procesos de maior incidencia, en particular, no referente a patoloxías músculo-esqueléticas e psiquiatría menor; tamén se prevé a incorporación da historia laboral á historia clínica para optimizar diagnósticos e tratamentos; ou medidas para reducir a carga de traballo dos sanitarios e evitar desprazamentos innecesarios aos pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actuacións buscan contribuír a reducir cargas administrativas e axilizar os procesos asistenciais, sempre baixo o criterio clínico dos profesionais sanitarios e no marco tanto da Reforma da Atención Primaria —que se aprobará proximamente— como das medidas incluídas no Plan estratéxico de Saúde Mental 2026-2030, xa aprobado.

Trátase dunha serie de medidas, que se seguirán potenciando, encamiñadas a mellorar a xestión e control da incapacidade temporal, respectando, sempre, e como non podía ser doutro xeito, o feito de que a indicación da incapacidade temporal e a súa alta son decisións clínicas que deben estar soportadas en criterios clínicos e nas necesidades asistenciais dos pacientes.

Reclamacións ao Goberno central

Ademais, como a xestión da incapacidade temporal implica a diferentes administracións e ámbitos competenciais, o Plan incorpora un anexo coas principais reivindicacións á Administración Xeral do Estado acordadas no Diálogo Social para mellorar a xestión da incapacidade temporal. Entre outras, tal e como explicou o conselleiro, reclámase “reforzar o persoal médico inspector do INSS” e poñer en marcha “un plan de choque” para reducir a pendencia dos procesos que superan os 365 días —de competencia exclusiva estatal e “que son os que máis repercusión teñen en Galicia”—, así como anticipar a súa valoración antes de alcanzar ese prazo e revisar a normativa para evitar prolongacións innecesarias. Tamén pide a creación dun sistema estatal de información integrado e interoperable, que permita compartir de maneira áxil e segura o intercambio de información entre as administracións e axentes implicados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE A PERDA E O DESPERDICIO DE ALIMENTOS

Detrás de cada un dos alimentos que chegan ás nosas mesas hai moito traballo de persoas acompañado de todos os recursos necesarios para producilos. Por iso aproveitar todos os alimentos ao máximo é unha forma de valorar ese esforzo, coidar o noso territorio e contribuír a unha sociedade máis responsable.

Con motivo do Día Internacional de Concienciación sobre a Perda e o Desperdicio de Alimentos, que se conmemora o 29 de setembro, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso coa prevención das perdas alimentarias e coa redución do desperdicio en todas as etapas da cadea, desde a produción ata o consumo.

A dimensión deste reto quedou reflectida no estudo *Perdas e desperdicio de alimentos no mundo: alcance, causas e prevención*, publicado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) en 2011. Segundo as súas estimacións, arredor dun terzo dos alimentos producidos para o consumo humano perdíase ou desperdiciábase no mundo, o equivalente a uns 1.300 millóns de toneladas ao ano. Son datos que nos lembran que, cando se perde un alimento, tamén se desaproveitan os recursos e o traballo empregados para produci-lo.

As Nacións Unidas fixaron entre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible a meta de reducir á metade o desperdicio de alimentos na venda polo miúdo e nos fogares para 2030, así como de diminuír as perdas ao longo das cadeas de produción e subministración. Avanzar nesa dirección require coñecer onde se producen as perdas, actuar para evitalas e facilitar o aproveitamento dos alimentos sempre que sexa posible.

Polo tanto, estamos ante un reto que debe ser compartido por toda a sociedade. En Galicia, a Consellería do Medio Rural está a elaborar a Estratexia de prevención de perdas e loita contra o desperdicio alimentario en Galicia cun enfoque que abrangue toda a cadea alimentaria. A estratexia dará prioridade á prevención, promoverá a colaboración para aproveitar os excedentes aptos para o consumo e impulsará a formación, a sensibilización e a innovación.

Neste marco, a Xunta de Galicia creará o distintivo *Coa comida, Galicia sen desperdicio* para dar visibilidade ao compromiso co aproveitamento dos alimentos e recoñecer as iniciativas que contribúan a reducir o desperdicio. Unha acción que quere converter nunha invitación a sumar esforzos arredor dunha idea sinxela: a comida ten valor e aproveitala é responsabilidade de todas e de todos.

O Goberno galego recoñece e agradece o esforzo de todas as persoas, entidades e organizacións que contribúen cada día a previr as perdas na produción e a reducir o desperdicio alimentario en Galicia. Os avances acadados impúlsannos a seguir

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballando con determinación: fortalecendo as boas prácticas para o aproveitamento dos alimentos en todas as etapas da cadea alimentaria, promovendo a colaboración coas redes solidarias e favorecendo as condicións de seguridade xurídica e alimentaria necesarias para o seu aproveitamento.

Seguiremos tamén impulsando a formación nas empresas, entidades e administracións para mellorar a xestión dos alimentos e evitar perdas, así como apoiando a investigación, a innovación e a transferencia de coñecemento. Deste xeito, avanzaremos cara a unha sociedade máis saudable, mellor alimentada e socialmente responsable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRASLADA Á COMISIÓN EUROPEA AS SÚAS ACHEGAS Á CONSULTA SOBRE A PESCA SOSTIBLE PARA FIXAR AS COTAS DE 2027 SEN RECORTES INXUSTIFICADOS

- O Consello deu conta do informe da Consellería do Mar remitido a Bruxelas, que esixe recoñecer o esforzo exemplar da frota nas augas ibéricas e no Golfo de Biscaia e garantir estabilidade plurianual nas cotas
- Galicia reclama blindar a soberanía alimentaria europea fronte a terceiros países, acelerar a transición enerxética sen trabas de arqueo e manter un fondo pesqueiro específico e suficiente para o período 2028-2034

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe da Consellería do Mar relativo ás achegas de Galicia á consulta pública aberta pola Comisión Europea sobre a pesca sostible na UE e as orientacións para fixar as posibilidades de pesca de 2027. Como principal potencia pesqueira comunitaria, o Goberno galego demanda que os esforzos xa acreditados polo sector se traduzan en estabilidade e previsibilidade, e non en novos axustes automáticos nin desproporcionados.

Na súa contribución formal ante Bruxelas, a Xunta defende que a sustentabilidade ambiental debe avanzar de xeito inseparable xunto á viabilidade socioeconómica e o mantemento do emprego costeiro. Neste sentido, Galicia reivindica que o Golfo de Biscaia e as augas ibéricas sexan recoñecidos como un modelo de xestión responsable, onde a mortalidade pesqueira caeu con máis rapidez que en ningunha outra zona do Atlántico Nordeste. Por iso, advirte de que a lenta recuperación dalgunhas especies, debida a factores ambientais ou a terceiros operadores, non pode xustificar penalizacións xerais para unha frota que xa cumpre estritamente co rendemento máximo sostible (RMS).

O documento remitido pola titular de Mar, Marta Villaverde, fai fincapé na urxencia de abordar a crise dos combustibles cunha estratexia estrutural e con financiamento específico, superando as axudas paliativas puntuais nun contexto no que cada subida de 0,10 euros no litro de gasóleo reduce en 156 millóns o beneficio da frota europea. Para que dita descarbonización sexa viable, a Xunta esixe revisar a normativa comunitaria de capacidade pesqueira para distinguir claramente entre aumentar o esforzo extractivo e investir en buques máis seguros, eficientes e menos contaminantes, de xeito que os topes de arqueo e potencia non bloqueen a modernización.

Así mesmo, a posición galega insta á Unión Europea a aplicar traxectorias de xestión plurianuais que eviten flutuacións bruscas de cotas de ano en ano e a reformular a aplicación da obriga de desembarque cara a un modelo preventivo baseado na selectividade das artes, na innovación tecnolóxica e no respaldo científico ante a cuestión dos descartes.

Soberanía alimentaria e defensa exterior

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia pon tamén o acento na dimensión xeopolítica e na autonomía estratéxica da Unión, subliñando o carácter esencial da frota de altura e dos acordos internacionais con terceiros países. O informe alerta de que Europa non pode debilitar a súa soberanía alimentaria reducindo a capacidade dos seus produtores mentres abre o mercado a importacións de terceiros países baixo normativas ambientais e laborais laxas. Nese marco, reclama cláusulas espello e estritos controis de rastrexabilidade para evitar a competencia desleal, con especial atención ao impacto que sofren sectores clave como a conserva do atún.

Finalmente, a achega galega reivindica o reforzo da dimensión social, a posta en valor da muller e medidas para favorecer a remuda xeracional na pesca artesanal e no marisqueo. Do mesmo xeito, esixe garantir un lugar seguro para a pesca nos plans de ordenación do espazo marítimo fronte a outros usos emerxentes, asegurar un papel real ás rexións na gobernanza comunitaria e blindar un fondo específico, robusto e identificable para a pesca e a acuicultura no vindeiro marco financeiro plurianual 2028-2034.